



Móvete contra a DESIGUALDADE OBSCENA \neq

#desigualdadsocena

pobrezacero.org

_manifesto versión resumida

Con motivo do **Día Internacional de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, as persoas, movementos e organizacións que impulsamos Pobreza Cero facemos un chamamento á sociedade para que se mobilice ata lograr medidas concretas e efectivas contra a pobreza e a desigualdade.

A pobreza e, especialmente, as desigualdades **son cada vez máis extremas, intensas e crónicas. É urxente atacar as causas** e cambiar as políticas económicas e sociais que xera riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación, tanto dentro como fose do Estado español. Tamén **cambiar un sistema** que fomenta a guerra para o control xeoestratéxico dos recursos, destrúe a natureza, ocasiona famas negras e incrementa as desigualdades sociais.

Sabemos cales son os problemas e coñecemos moitas das súas causas estruturais; tamén sabemos que **existen solucións reais e factibles**. Queremos solucións baseadas en dereitos. Esiximos políticas cuxo centro sexa a **xustiza social e ambiental**. En concreto,

Compromisos para non deixar a ninguén atrás

_Aumento do orzamento para políticas públicas sociais de inclusión e protección. Incluindo investimentos en Educación e en medidas eficaces para a protección da infancia; investimentos en Sanidade e a anulación do Real Decreto 16/2012 para restaurar a sanidade universal; políticas para a Igualdade de Xénero e os plans contra a violencia de xénero; medidas de protección do desemprego e a inserción socio-laboral; Renda Mínima de Inserción para cumprir coa Lei de Prestación de Ingresos Mínimos; cumprir a Lei de Dependencia e pagar as axudas que se recollen na mesma.

_ Aumento dos fondos destinados á solidariedade global. Cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria, desligados de intereses comerciais, de seguridade e de control de fronteiras.

Medidas para garantir a redistribución

_ Xustiza Fiscal a través de políticas tributarias xustas, progresivas e suficientes, que sosteñan as políticas sociais (aprobar unha lei contra a fraude e os paraísos fiscais, Imposto ás transaccións financeiras).

